

## **A Cámara reclama que se manteñan os servizos ferroviarios entre Ferrol e A Coruña**

**Ferrol. 19/11/2010.** O presidente da Cámara de Comercio de Ferrol, Juan Gato dirixiuse ao presidente da Xunta de Galicia, Alberto Nuñez Feijoo, para trasladarlle a preocupación da entidade pola posible supresión da liña ferroviaria entre Ferrol e A Coruña como consecuencia da desaparición das axudas que ata agora concedía a administración autonómica para manter estes servizos.

A Cámara considera que nin sequera nun contexto de austeridade orzamentaria pode sosterse unha decisión deste tipo que volve a castigar a Ferrol e a súa comarca deixando aos seus cidadáns sen as estas prestacións.

No mesmo sentido, tamén se remitiu unha carta ao ministro de Fomento, José Blanco, instándolle a que o traxecto entre as dúas cidades se inclúa no catálogo de liñas de transporte ferroviario de viaxeiros que se garantirán como servizo público.

Ademais, reclámase ao presidente de Renfe, Teófilo Serrano, que se busquen fórmulas que permitan mellorar a rendibilidade destes servizos, implantando frecuencias e horarios adaptados ás necesidades e demandas dos usuarios, e asegurar a súa continuidade.

A entidade cameral lamenta a falta de compromiso que están a demostrar con Ferrol e a súa comarca os executivos central e autonómico en materia de infraestruturas, deixando sen consignación nos presupostos os principais proxectos pendentes (conexión coa alta velocidade, tren ao porto exterior) ou promovendo recortes nas subvencións que poden acabar coas comunicacións ferroviarias de cercanías .

